

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CD3SAN000600	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1370	Fisiopatoloxía xeral	2024/2025	7	183	219

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ESTEFANIA LOPEZ SENRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico consiste en procesar mostras histolóxicas e citolóxicas, seleccionar e facer a aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas e xerais, e colaborar na realización de necropsias clínicas e forenses, de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico ou médico-legal, organizando e programando o traballo, e cumprindo criterios de calidade do servizo e de óptimo aproveitamento dos recursos, baixo a supervisión facultativa correspondente.

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico exercen a súa actividade no sector sanitario, en organismos e institucións do ámbito público e en empresas privadas, en atención tanto primaria como especializada, así como en centros de investigación. Ademais, realizan o seu traballo baixo a supervisión do/da facultativo/a correspondente. A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal.

As capacidades que o alumno ha de acadar amplían o seu campo profesional, podendo desempeñar o seu traballo en entidades de carácter público ou privado:

- Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía.
- Técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.
- Citotécnico/a.
- Axudante de forense.
- Prosector/ora de autopsias clínicas e médico-legais.
- Tanatopractor/ora.
- Colaborador/ora e asistente en bioloxía molecular.
- Colaborador/ora e asistente de investigación.

### RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA):

- ¿ RA1: Recoñece a estrutura e a organización xeral do organismo humano, e describe as súas unidades estruturais e as relación segundo a súa especialización.
- ¿ RA2: Identifica o proceso de desenvolvemento da doenza en relación cos cambios funcionais do organismo e as alteracións que provoca.
- ¿ RA3: Recoñece os trastornos do sistema inmunitario en relación coas características xerais da inmunidade.
- ¿ RA4: Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas.
- ¿ RA5: Identifica o proceso de desenvolvemento tumoral e describe as características das neoplasias benignas e malignas.
- ¿ RA6: Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes.
- ¿ RA7: Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade.
- ¿ RA8: Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Anatomía xeral e topográfica	Niveis de organización do corpo humano e rexións corporais	21	10
2	Patoloxía xeral e enfermidades infecciosas	A doenza: axentes infecciosos e enfermidades que causan	21	10
3	Sistema inmunitario	Fisiopatoloxía do sistema inmunitario. Tipos de inmunidade	22	10
4	Aparello cardiocirculatorio	Fisiopatoloxía do aparello cardiocirculatorio	22	10
5	Aparello respiratorio	Fisiopatoloxía do aparello respiratorio	22	10
6	Aparello dixestivo e nutrición	Fisiopatoloxía do aparello dixestivo. Fisiopatoloxía da nutrición	22	10
7	Sistema endocrino e metabolismo	Fisiopatoloxía do sistema endocrino. Metabolismo de glúcidos e lípidos	22	10
8	Sistema nervioso	Fisiopatoloxía neurolóxica e dos órganos dos sentidos	22	10
9	Aparello urinario	Fisiopatoloxía do aparello urinario e aparello uroxenital	23	10
10	Neoplasias	Clasificación, desenvolvemento e principais enfermidades neoplásicas	22	10

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Anatomía xeral e topográfica	21

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a estrutura e a organización xeral do organismo humano, e describe as súas unidades estruturais e as relacións segundo a súa especialización	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Detállouse a organización xerárquica do organismo desde a célula ao sistema
CA1.2 Describiuse a estrutura celular e os seus compoñentes
CA1.3 Describiuse a fisioloxía celular
CA1.4 Clasificáronse os tipos de tecidos
CA1.5 Detalláronse as características de cada tipo de tecidos
CA1.6 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición
CA1.7 Definiuse a posición anatómica
CA1.8 Describíronse os planos e as posicións
CA1.9 Localizáronse e enumeráronse as rexións e as cavidades corporais
CA1.10 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas coas cavidades nas que están situados
CA1.11 Aplícouse a terminoloxía de dirección e posición

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Análise da estrutura xerárquica do organismo.
Citoloxía. Estrutura e función da célula.
Histoloxía. Clasificación e función dos tecidos.
Clasificación dos sistemas e aparellos do organismo.

Contidos
Topografía corporal. Posición anatómica. Planos e eixes. Terminoloxía de posición, dirección e movemento. Rexións e cavidades corporais.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Patoloxía xeral e enfermidades infecciosas	21

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica o proceso de desenvolvemento da doenza en relación cos cambios funcionais do organismo e as alteracións que provoca	SI
RA4 - Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Describiuse o proceso dinámico doenza
CA2.2 Detalláronse os cambios e as alteracións na estrutura e nas funcións celulares
CA2.3 Describíronse os elementos constituintes da patoloxía
CA2.4 Definíronse as partes da clínica
CA2.5 Especificáronse os grupos de doenzas
CA2.6 Clasificáronse os procedementos diagnósticos complementarios
CA2.7 Detalláronse as posibilidades terapéuticas fronte á doenza

Criterios de avaliación
CA2.8 Especificouse a etimoloxía dos termos clínicos utilizados en patoloxía
CA2.9 Aplicáronse as regras de construción de termos no vocabulario médico
CA4.1 Descríronse as características das fontes de infección
CA4.2 Detalláronse os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas
CA4.3 Descríronse os tipos de axentes infecciosos
CA4.4 Detállouse a resposta do organismo á infección
CA4.6 Definíronse as características das principais doenzas infecciosas humanas
CA4.7 Analizáronse as posibilidades terapéuticas fronte ás doenzas infecciosas

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Proceso patolóxico.</p> <p>Alteración da función e a estrutura normal da célula. Cambios adaptativos. Lesións celulares reversibles e irreversibles.</p> <p>Análise da etioloxía, a fisiopatoloxía e a semioloxía da doenza.</p> <p>Fases e evolución da doenza. Grupos de doenzas. Complicacións e incidencias da doenza.</p> <p>Clínica da doenza.</p> <p>Procedementos diagnósticos. Análises clínicas. Estudo citolóxico e anatomopatolóxico. Técnicas de diagnóstico a través da imaxe. Determinación da actividade eléctrica.</p> <p>Recursos terapéuticos.</p> <p>Prognóstico.</p> <p>Terminoloxía clínica.</p> <p>Axentes infecciosos. Transmisión e diseminación de axentes infecciosos. Cadea infecciosa. Mecanismos de lesión dos microorganismos.</p>

Contidos
<p>Principais doenzas infecciosas humanas: infeccións gastrointestinais, infeccións respiratorias víricas e bacterianas, infeccións do sistema nervioso, infeccións oportunistas e doenzas de transmisión sexual.</p> <p>Terapéutica infecciosa.</p> <p><b>Terminoloxía clínica</b></p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistema inmunitario	22

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece os trastornos do sistema inmunitario en relación coas características xerais da inmunidade	SI
RA4 - Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os órganos e as células do sistema inmune
CA3.2 Diferenciáronse os mecanismos de resposta inmunolóxica
CA3.3 Definíronse as características da inmunidade específica
CA3.4 Detalláronse as características da resposta inmunolóxica específica
CA3.5 Secuenciouse a resposta inmunolóxica
CA3.6 Clasificáronse a patoloxía do sistema inmune
CA3.7 Descríbense as patoloxías máis frecuentes do sistema inmune

Criterios de avaliación
CA3.8 Detallouse a inmunización pasiva e activa
CA4.5 Explicouse a resposta inflamatoria

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Inmunidade natural e específica.</p> <p>Células do sistema inmunitario.</p> <p>Citocinas.</p> <p>Antíxenos de histocompatibilidade. Regulación da resposta inmune e asociación entre HLA e doenza.</p> <p>Trastornos do sistema inmunitario. Reaccións de hipersensibilidade. Doenzas autoinmunes. Síndromes de inmunodeficiencia.</p> <p>Inmunización activa e pasiva.</p> <p>Resposta inflamatoria.</p> <p>Inflamación aguda. Padróns morfolóxicos da inflamación aguda. Inflamación supurativa. Inflamación mononuclear e granulomatosa. Inflamación citopático-citoproliferativa. Inflamación necrotizante.</p> <p>Inflamación crónica e cicatrización.</p>

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Aparello cardiocirculatorio	22

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes	SI
RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade	NO



**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Describiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasifícaronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica
CA7.3 Definiuse a embolia
CA7.4 Explicáronse as repercusións orgánicas do bloqueo da rega sanguínea no tromboembolismo
CA7.5 Describíronse as características da cardiopatía isquémica
CA7.6 Describíronse as características da embolia pulmonar

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Doenzas cardiocirculatorias. Fisioloxía cardiocirculatoria. Manifestacións cardíacas e vasculares. Insuficiencia cardíaca.
Hemostasia e coagulación.
Formación de trombos e émbolos.
Trombose arterial e venosa.
Fisiopatoloxía do edema.
Repercusións do bloqueo da rega. Infarto.

Contidos
Patoloxías relacionadas con alteracións do fluxo sanguíneo. Cardiopatía isquémica. Tromboembolismo pulmonar. Accidentes cerebrovasculares.  Hipertensión arterial.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Aparello respiratorio	22

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes	SI
RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Describiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasificáronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica
CA7.1 Describiuse o mecanismo fisiopatolóxico do edema

Criterios de avaliación
CA7.2 Detállouse o proceso de formación dun trombo
CA7.6 Descríbóronse as características da embolia pulmonar

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Fisiopatoloxía respiratoria. Equilibrio ácido-base. Doenzas do aparello respiratorio. Insuficiencia respiratoria.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Aparello dixestivo e nutrición	22

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes	SI
RA8 - Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Descríbiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasifícaronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes

Criterios de avaliación
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica
CA8.1 Detalláronse os aspectos cuantitativos e cualitativos da alimentación normal
CA8.3 Descríronse as consecuencias fisiopatolóxicas das carencias alimentarias

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Trastornos do aparello dixestivo. Fisioloxía dixestiva. Patoloxía dixestiva, hepática, biliar e pancreática.
Alimentación e nutrición.
Fisiopatoloxía da alimentación: déficits nutricionais, vitamínicos e minerais. Obesidade.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Sistema endocrino e metabolismo	22

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes	SI
RA8 - Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Describiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasificáronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica
CA8.2 Definíronse as características das alteracións fisiopatolóxicas endócrino-metabólicas máis frecuentes
CA8.4 Explicáronse as características da obesidade
CA8.5 Analizouse o proceso fisiopatolóxico da diabeto
CA8.6 Analizouse o proceso metabólico dos lípidos
CA8.7 Detalláronse as repercusións orgánicas do exceso de colesterol

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Hormonas. Alteracións endócrinas máis frecuentes.
Fisiopatoloxía do metabolismo da glicosa. Metabolismo e regulación hormonal da glicosa. Patoloxía do metabolismo dos carbohidratos. Diabete: coma hipoglicémico, hiperosmolar e cetoacidótico. Probas diagnósticas.
Alteracións do metabolismo dos lípidos: lipoproteínas. Metabolismo e transporte dos lípidos. Ateroxénese. Dislipemias.
Fisiopatoloxía da reprodución. Regulación hormonal da reprodución. Patoloxía da reprodución. Probas diagnósticas.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Sistema nervioso	22

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes	SI
RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Describiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasifícaronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica
CA7.7 Relacionáronse os trastornos hemodinámicos cos accidentes cerebrovasculares

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Doenzas neurolóxicas e dos órganos dos sentidos. Fisioloxía neurolóxica e dos órganos dos sentidos. Manifestacións neurolóxicas e dos órganos dos sentidos.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Aparello urinario	23

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Defínense a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Descríbense a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasifícanse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detálláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilízase a terminoloxía clínica

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Patoloxía uroxenital. Proceso de formación de ouriños. Patoloxía renal e de vías urinarias. Insuficiencia renal. Patoloxía do aparello reprodutor masculino e feminino.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Neoplasias	22

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica o proceso de desenvolvemento tumoral e describe as características das neoplasias benignas e malignas	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Clasifícanse as neoplasias
CA5.2 Caracterízanse as neoplasias benignas e malignas
CA5.3 Detállase a epidemioloxía do cancro
CA5.4 Clasifícanse os axentes carcinóxenos
CA5.5 Detállanse as manifestacións clínicas dos tumores
CA5.6 Especificáronse os sistemas de prevención e diagnóstico precoz do cancro
CA5.7 Descríbense as probas de diagnóstico do cancro e as posibilidades terapéuticas
CA5.8 Analízanse as manifestacións das neoplasias malignas máis frecuentes

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Clasificación e epidemioloxía das neoplasias.



## Contidos

Bases moleculares do cancro. Oncoxenes. Xenes supresores do cancro.

Bioloxía do crecemento tumoral.

Axentes carcinóxenos: químicos, radiación e virus oncoxénicos.

Defensas fronte a tumores: inmunovixilancia; antíxenos tumorais.

Manifestacións locais e xerais dos tumores.

Gradación e estadificación do tumor.

Prevenición, diagnóstico e tratamento. Screening e diagnóstico precoz. Marcadores tumorais. Posibilidades terapéuticas.

Neoplasias malignas máis frecuentes.

### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Un criterio de avaliación denomínase mínimo exixible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe. Que un Criterio de Avaliación (CA) se declare como mínimo exixible implica que o alumnado deberá superar (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a Unidade Didáctica.

Para a presente programación considéranse mínimos exixibles os reflexados nas táboas de cada Unidade Didáctica estudiada no apartado 4 e cuxa superación será necesaria para a cualificación positiva do módulo. O cálculo da cualificación de cada Unidade Didáctica farase aplicando o peso da cualificación de cada Criterio de Avaliación reflexado no apartado 4 tendo en conta o requisito dos mínimos exixibles. As probas escritas suporán un 80% da cualificación, incluíndose nestas tanto probas tipo test, preguntas de resposta curta, preguntas de desenrolo, e identificación de imaxes. No caso dos exercicios propostos así como traballos, prácticas de clase suporán un 20%.

Co resultado que sae da cualificación das Unidades Didácticas aplicaranse os pesos de cada unidade reflexados no apartado 3 obtendo así a cualificación de cada avaliación e a final.

A distribución aproximada de Unidades Didácticas en cada avaliación será a seguinte:

- 1a avaliación: UD1, UD2, UD3 e UD4
- 2a avaliación: UD5, UD6 e UD7
- 3a avaliación: UD8 UD9 UD10

A cualificación de cada avaliación resultará de calcular a cualificación das Unidades Didácticas correspondentes e aplicarlle os porcentaxes de peso correspondentes sobre da suma que supoñen ambas.

A cualificación final correspóndese coa cualificación de cada Unidade Didáctica ponderada polo peso da mesma sobre o total do curso.

Nota FINAL = (nota UD1\*0.1) + (nota UD2\*0.1) + (nota UD3\*0.1) + (nota UD4\*0.1) + (nota UD5\*0.1) + (nota UD6\*0.1) + (nota UD7\*0.1) + (nota UD8\*0.1) + (nota UD9\*0.1) + (nota UD10\*0.1)

NOTA: En tódolos casos aplicando o condicionante dos mínimos esixibles como xa se mencionou anteriormente.

NOTA: Se o módulo foi superado nas súas tres avaliacións, a cualificación da 3a avaliación coincidirá coa avaliación final ao ter que ser coincidente por normativa de avaliación continua.

NOTA: A cualificación de cada Unidade Didáctica resulta de facer o produto das cualificacións de cada lista de cotexo ou táboas de observación polo peso indicado nas táboas do apartado 4 e sumarlle a nota das probas escritas tamén aplicándolles os correspondentes pesos.

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables, e unha nota total de 4,5 puntos no conxunto de probas para obter unha cualificación positiva de cada Unidade Didáctica e polo tanto na avaliación. De non ser así deberá recuperar as partes (Unidades Didácticas) non superadas seguindo o que se indica no apartado 6.

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción e suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade segundo se indica no apartado 6.

Os exames ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realizar unha proba final extraordinaria sobre os contidos mínimos do módulo.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No caso de que algún alumno non supere algunha das avaliacións parciais, terá oportunidade de recuperala nas datas previstas no calendario de exames do centro, ademais de optar as probas de suficiencia que se desenrolarán no mes de xuño. No caso de que non se acaden os mínimos exixidos naqueles alumnos que queden próximos a superación do módulo, poderase plantexar a posibilidade de realizar algún traballo ou actividade que compense o déficit existente.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realizar unha proba final extraordinaria.

Dita proba extraordinaria versará sobre os contidos mínimos do módulo, incluíndo tanto preguntas tipo test de resposta múltiple, de resposta curta, desenrolo e identificación de imaxes. Caberá a posibilidade dunha proba de carácter práctico co fin de que o alumnado demostre a súa destreza nas técnicas incluídas no módulo de Bioloxía molecular e citoxenética.

NOTA: a data de dita proba extraordinaria quedará fixada polo centro no inicio do curso académico.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.

No caso de modificacións na programación, xustificarse debidamente e deixarse o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma, tal como este:

Nº Aspecto a avaliar.Observacións. Avaliacións

1 Ámbito produtivo

2 Desenvolvemento

3 Secuenciación /Temporalización

4 Avaliación

5 Metodoloxía didáctica

6 Temas transversais

7 AANEE

8 Sistema Extraordinario de avaliación

9 Sistema de recuperación pendentes

10 Actividades complementarias e extraescolares

11 Sistema Avaliación PD e PD

12 Sistema Información ao alumnado

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Avaliación inicial ou pre-avaliación, que nos permita determinar os coñecementos previos do alumnado, para iniciar a programación do curso cunha maior orientación. Debido a diversidade de alumnado, que ingresa anualmente no Ciclo de Coidados Auxiliares de Enfermería, tanto en idade como en coñecementos, é imprescindible establecer cales son os niveis do grupo e así establecer unha base de inicio da asignatura. Para elo farase unha proba escrita de ditos coñecementos xerais da materia sin calificación. E logo farase unha reunión de departamento no que se comentarán os niveis do grupo e as medidas a adoptar.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que algúns alumnos non acaden os obxectivos previstos na programación, se valorará nas avaliacións correspondentes a necesidade de establecer medidas de reforzo específicas para eles

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación das actitudes é un contido transversal e, como tal, ten que desenvolverse en cada una das sesións co alumnado. As principais actitudes que deben traballarse no módulo de Técnicas Básicas son:

¿ Responsabilidade no traballo:

- Puntualidade.
- Rigurosidade na realización das tarefas.
- Cumplimento das normas.

¿ Iniciativa e autonomía:

- Argumentación das decisións e seguridade na execución das tarefas solicitadas.
- Aportación de ideas e propostas.
- Toma de decisións e autosuficiencia ante a aparición de problemas ou falta de recursos.

¿ Metodoloxía, orde e pulcritude:

- Esmero na utilización e coidado dos materiais.
- Apariencia persoal agradable.
- Presentación cuidadosa dos traballos e tarefas.

¿ Participación e cooperación no traballo en equipo:

- Colaboración e coordinación con outras persoas do equipo de traballo na realización das tarefas.

- Busca do consenso entre diferentes puntos de vista na actuación sobre a persona usuaria.
- ¿ Interés pola persona usuaria e empatía:
  - Cordialidade e amabilidade en relación coas persoas atendidas e os seus acompañantes.
  - Tolerancia e respecto hacia as persoas usuarias que precisan de atencións especiais e os seus acompañantes.
  - Interés polas necesidades ou demandas expresadas pola persona usuaria e acompañantes.
- ¿ Igualdade ante as diferencias socioculturais:
  - Respeto as diferentes maneiras de pensar das persoas atendidas, dos seus acompañantes e dos compañeiros de traballo.
  - Tratamento non discriminatorio por razón de orixe da enfermidade ou proceso que sofre a persoa usuaria.
- ¿ Educación ambiental e en prevención de riscos.

#### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares planificaranse de maneira coordinada con os outros módulos co fin de cumprir os obxectivos do ciclo.